



Traspaso xeracional e aposta pola robotización do muxido

Laura Armesto e David Rodríguez son dous gandeiros galegos recentemente incorporados ás súas granxas familiares que decidiron apostar por renovar as súas explotacións coa construción de instalacións novas para as vacas en produción e a robotización dos seus sistemas de muxido a principios de 2019.

A liberdade de horarios para unha vida máis conciliadora, o benestar dos animais e as características técnicas que ofrece o DairyRobot R9500 de GEA, como son a óptima calidade do muxido, o proceso de colocación único In-Liner Everything e a separación de leite por cuartos, foron os principais motivos da súa decisión.

Falamos con ambos os gandeiros e con Hugo Rodríguez, técnico de robots de muxido en Agritécnica Ganadera, distribuidora da marca no sur de Lugo, para coñecer todo o proceso de cambio, a súa experiencia tras ano e medio de traballo coa máquina e os seus plans de futuro.



Nome da explotación: Casa Andrés de Acevedo
Localización: Portomarín (Lugo)
Sistema de muxido: DairyRobot R9500
Animais en total: 130
Vacas en produción: 67
Media de muxidos: 2,7
Media de produción: 35 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,90 %
Porcentaxe de proteína: 3,30 %
RCS: 120.000 cél./ml



David Rodríguez, cos seus pais, Javier Rodríguez e Lila Matanzas

Que sistema de muxido tiñan antes e cando instalaron o robot?

No establo antigo tiñamos unha sala de espiña de peixe de 10 puntos e cando eu me incorporei no ano 2019 decidimos montar unha nave nova e instalar robot de muxido.

Por que se decidiron a cambiar de sala a robot?

Decidimos pasar ao muxido con robot para ter máis tempo libre, non ter que estar atados ás horas puntuais dese traballo e que as vacas tivesen un muxido máis libre e estivesen máis cómodas.

Por que se decantaron por GEA?

Gustounos máis este robot pola colocación manual, se non igual tiñamos que descartar algúns animais, pola separación por cuartos, pola porta de preselección e pola calidade do muxido.

Que diferenzas notan?

Entre a sala e o robot notamos que temos moito máis tempo libre, moitos máis datos, máis información sobre detección de celos, detectamos antes as mamites e as vacas están moito mellor, máis tranquilas, máis a gusto, pois pódense muxir ata catro ou cinco veces ao día e non teñen que estar con 20 ou 30 litros no ubre.

Ademais, agora mesmo o número medio de muxidos aproxímanos aos 2,7.

David Rodríguez:

“Entre a sala e o robot notamos que temos moitos máis datos e as vacas están moito mellor, máis tranquilas”

Contan con máis equipos GEA?

Á parte dos robots temos os collares CowScout que nos axudan a detectar mellor a fertilidade e a inxestión das vacas, para dar solución aos problemas canto antes.

Tras ano e medio de traballo con robot, que valoración fan do cambio?

Creo que tomamos a decisión acertada e de cara ao futuro a nave está preparada por se queremos ampliar e montar un segundo robot, pero en principio estabilizáronos así.



HUGO RODRÍGUEZ

Técnico de robots de muxido en Agritecnia Ganadera, distribuidor de GEA na zona sur de Lugo

Hugo Rodríguez:

“Traballamos man a man cos técnicos da explotación para lograr un bo rendemento”

Que características destaca do modelo DairyRobot R9500?

En primeiro lugar cabe destacar que todo o proceso de muxido se realiza nunha soa colocación (GEA In-Liner Everything), co que conseguimos reducir tempos. En segundo lugar, a separación por cuartos, para a que dispomos de dúas unidades finais, cada unha delas co seu variador de frecuencia, permite preservar a calidade do leite e, por último, a característica máis salientable, diría eu, é a calidade do muxido, xa que traballamos en liña baixa garantindo un bo tratamento do ubre.

Ademais, o foso que rodea o robot permite acceder de forma rápida e cómoda ao ubre do animal e facer calquera tipo de tratamento.

Por que recomenda este robot para estas granxas?

Recomendamos este tipo de robot neste tipo de granxas porque son gandeiros novos e vemos que lles poden sacar moito partido ás novas tecnoloxías, ademais de facilitarlles outro tipo de horarios que con outros sistemas non ían ter.

En que consiste o seu asesoramento posventa?

Podemos distinguir dúas vertentes: unha, a parte máis técnica, xa que estamos máis pendentes do bo funcionamento da máquina, e outra, máis propia de asesoramento, na que traballamos man a man cos técnicos da explotación para así lograr un bo rendemento do rabaño.

Nome da explotación: A Parrocha
Localización: Paradela (Lugo)
Sistema de muxido: DairyRobot R9500
Animais en total: 140
Vacas en produción: 64
Media de muxidos: 2,7
Media de produción: 37 litros/vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,80 %
Porcentaxe de proteína: 3,30 %
RCS: menos de 150.000 cél./ml



Laura Armesto, xunto á súa nai, Julia Fernández, e ao seu empregado, Adrián Rodríguez

Que sistema de muxido tiñan antes e cando instalaron o robot?

Antes tiñamos unha sala de muxido 2x10, onde muximos uns dez anos. Cando eu me incorporei á gandería en 2018 decidimos deixar a nave antiga para xovenças e secas e construír unha nave nova para as vacas en produción con sistema de muxido robotizado. Co robot empezamos a traballar en marzo de 2019.

Por que se decidiron a cambiar de sala a robot?

Porque nos dá outra liberdade que non tiñamos coa sala, son outros horarios completamente distintos. Antes había que estar a aquela hora na granxa si ou si e agora simplemente temos que estar pendentes dos atrasos, que poden ser dous ou tres como moito. Ademais, permítenos ter moitos máis datos, como o detector de celos ou o de ruminación. Así sabemos o momento óptimo para inseminar os animais e tamén se existe algún problema de alimentación que poida marcar algunha enfermidade.

Por que se decantaron por GEA?

Despois de mirar outras marcas, elixín GEA por varios motivos. Primeiro, polo muxido manual, porque cando me pare unha xovença podo pórllle eu manualmente o robot e que se vaia afacendo aos poucos. Despois, polo foso, porque é algo básico para facer secados, tratamentos e acceder comodamente ao ubre da vaca. Tamén pola separación do muxido por cuartos, pois se teño unha vaca que me dá problemas por un teto, podo separar ese leite e seguir traballando con ela sen ter que tratala nin descartala, moitos animais son reincidentes e non hai forma de curalos. Por último, e moi importante, porque con 25 anos e sendo muller foi moi complicado que a xente confiase en min e José Luis, de Agritécnica Ganadera, si que fixo o esforzo de crer no meu proxecto e isto valóroo moito.

Como planificaron o proceso de cambio?

Para o noso proceso de cambio axudounos moito ter a nave nova pegada á antiga. Fomos traendo de 15 en 15 animais. Desde que o primeiro grupo estaba medianamente adaptado, trouxemos outros 15 e así ata telos todos aquí. Mentres a miña nai e o empregado muxían na sala, eu encargueime de adaptalos ao robot.

Laura Armesto:

“Dános outra liberdade que non tiñamos coa sala de muxido, son outros horarios completamente distintos”

Ao principio non entraban e pasábame o día metendo vacas. Foi un proceso duro ata que pasaron cinco ou seis meses que xa empezaron a entrar totalmente soas. Agora si que entran todas, desde que volveron parir aquí, nada que ver.

Que diferenzas notan?

A diferenza é bestial, son outros horarios. Para a miña nai o traballo cambiou ao mil por mil, porque non vén ao robot basicamente. Eu podo marchar un día, que sei que o empregado que teño se defende perfectamente co robot. Ademais, desde o móbil podo saber que vacas se están muxindo, se hai vacas con atraso... Coa sala non podía saber nada.

En canto ás vacas foi visto e non visto. Antes, para o muxido, metíamolas todas xuntas nunha sala de espera, apiñadas, e o nivel de estrés era totalmente distinto. Agora están moi tranquilas e desexando que pasen as horas para volver entrar ao robot.

Tras ano e medio de traballo con robot, que valoración fan do cambio?

Se alguén me vén preguntar que opino sobre o paso a robot, eu díralle: sen dúbida. É outra liberdade, outro horario, outro control... É totalmente distinto.

Como toda persoa nova, supoño, penso en crecer. Nun futuro, quero aumentar o establo e pór outro robot. Despois de chegar ata aquí, si que me gustaría seguir crecendo.

ENTREVISTAS
EN VÍDEO



engineering for
a better world